

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO "PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que a Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2025 dende o día da súa sinatura e sen prexuízo das posibles prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1.- O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.



A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision- CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

Neste contexto, e co fin de permitir a execución do compoñente 14 do citado Plan de Recuperación, promoveuse a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, a Estratexia) que foi ratificada en Conferencia Sectorial de Turismo o 28 de xullo de 2021 e que articula mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas -estatal, autonómica e local- para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade. Un deses mecanismos materialízase no



Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, principal actuación do Plan de competitividade e modernización do sector turístico que se caracteriza polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora, e, tamén, por unha serie de especificidades en canto ao seu ámbito de aplicación, limiares mínimos de investimento ou procedemento de presentación das propostas, aprobación, execución e xustificación de subvencións. Este Programa Extraordinario, conforme recolle a Estratexia, ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD) que se configuran como mecanismos de actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Locais e as Comunidades autónomas co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. Neste sentido, durante os primeiros dous anos de vixencia do citado Programa Extraordinario, a Conferencia Sectorial de Turismo aprobou os plans territoriais de sustentabilidade turística de Galicia correspondentes ás convocatorias dos anos 2021 e 2022. Iniciado o terceiro e último ano da vixencia do Programa Extraordinario, acometeuse a elaboración do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia 2023 que inclúe, neste exercicio, tamén o importe correspondente ao Plan Nacional, e que, así mesmo, se realizou con estrito cumprimento dos distintos fitos regulados no documento de Estratexia de Sustentabilidade Turística en destinos, sendo de novo a Secretaría de Estado para o Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos encargados de analizar e valorar as solicitudes recibidas conforme aos criterios de valoración recollidos na Estratexia.

3.- A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de



administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

4.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

5.- O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de "Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo" sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria. Inclúe as seguintes actuacións: incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada; renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do paseo Granada; creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía



circular; mellora do alumeado público do eixe turístico comercial; outras asistencia técnicas execución obras; instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; actividades de formación para o impulso da dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles; instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial; mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc do eixe turístico comercial.

6.- O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Vigo, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

